

A wooden signpost stands on a sandy beach. The signpost has five horizontal wooden signs attached to it. The background features a blue sky, a blue ocean, a green palm tree, a colorful beach umbrella, and a beach ball.

REINVENTA

as túas

VACACIONS

de

Verán

The logo for SOGAMA, featuring a stylized yellow figure with arms raised, standing on a circular base with a spiral pattern.

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE

Importante

Deixamos atrás meses moi duros e abordamos un verán que, probablemente, será diferente para moitos de nós, pero non por iso menos motivador e menos ilusionante.

Gocemos dos tesouros naturais da nosa terra, Galicia, saboreemos a súa gastronomía e aproveitemos os días de asueto para estar cos nosos. Iso si, non baixemos a garda, nin no plano sanitario nin no medioambiental.

Respeto

Respecta as recomendacións e normas ditadas polas autoridades en cada momento.

CONSUMO

Consume de forma responsable e valora a necesidade das túas compras.

Un picnic no campo? Estupendo, pero sen deixar rastro. Mellor con pratos e cubertos reutilizables. Descarta os plásticos de usar e tirar.

Reciclaxe

Mantén firme o compromiso coa reciclaxe. Separa os residuos en orixe e introduce cada material no contedor correspondente para que poida ser convertido nun novo recurso.

Pic-Nic

Recorda: os envases de plástico, as latas e os briks, ao contedor amarelo; os envases de vidro, ao iglú verde; o papel e cartón, ao azul; e a fracción resto, ao contedor verde xenérico.

Contedores

Papeleiras?

Que na praia ou a montaña non hai papeleiras nin contedores? Gardemos nunha bolsa os nosos refugallos ata que atopemos o lugar axeitado no que depositalos

Olo cos novos residuos: máscaras e luvas desbotables. O seu contedor é o verde convencional, non o amarelo nin calquera outro de recollida selectiva.


Limpeza

Nada ao chan. Colabora para manter as rúas limpas, por respecto ao persoal de limpeza, ao resto dos transeúntes e, por suposto, ao medio ambiente.

Móvete: camiña, corre, desprázate en bicicleta ou practica o teu deporte favorito.

Deporte

Máscaras



Come san e saudable.

Mellor produtos locais e de tempada. En definitiva, do noso. Evita o desperdicio alimentario. Tirar comida ao lixo ten negativas consecuencias para a contorna e a túa economía, ademais de ser un xesto inmoral.

COMER

Evita os artigos sobreenvasados e rexeita as bolsas plásticas dun só uso. Leva sempre contigo a túa bolsa reutilizable.

BOLSAS

CO₂

Prioriza o transporte público en detrimento do privado. Contribuirás a aforrar emisións de CO₂ á atmosfera.

Aproveita para facer turismo de interior e contribuír á economía da nosa comunidade e país. Temos unha gran riqueza monumental e paisaxística, e moitos recunchos por descubrir.

TURISMO

ESPIRITO

Que non decaia o espírito solidario, tanto cos demais como coa contorna. Será o teu mellor legado.

FELIZ VERÁN!